

Estimadas familias:

Como sabedes, nestes días está incrementándose a incidencia de casos COVID-19, e os protocolos teñen variado. A duración do confinamento tense reducido. Pero, sen embargo, existe un tempo (3 días) de “vixiancia” no que podemos facer vida normal, evitando as aglomeracións e as interaccións sociais e garantindo o uso permanente da máscara.

Un momento moi delicado é o do comedor, onde todo o alumnado está sen máscara. Por tal motivo, sería bo que, **na medida das vosas posibilidades, o alumnado confinado por contacto estreito e o alumnado infectado por COVID-19 non faga uso do servizo de comedor durante eses tres días.** En caso de non poder conciliar, sería bo comunicar esta circunstancia co Equipo Directivo para poder organizar unha alternativa que garanta a distancia e evite calquera perigo.

Moitas grazas pola vosa colaboración e un saúdo.